

INSTRUCCIÓN BÁSICAS PARA CUMPRIR AS OBRIGAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

As responsabilidades que os beneficiarios da axuda deben cumprir en materia de información e comunicación no referente ao apoio (cofinanciamento) procedente dos fondos europeos están identificadas no apartado 2.2 do anexo XII do Regulamento (UE) Nº 1303/2013 e no punto 3.4 da Estratexia de comunicación dos Programas Operativos FEDER e FSE Galicia 2014-2020.

Neste documento se detalla, de xeito práctico, como cumprir parte destas obrigas que se inclúen na normativa. Ademais, outros aspectos obrigatorios a considerar veñen detallados no anexo III do DECA (documento que establece as condicións da axuda), nos casos de persoal propio, contratacións de novo persoal, contratos de servizos, ...

Nos modelos de formularios e documentos para xustificar a execución do plan de innovación, figura o documento 11: Declaración de obrigas de publicidade, que recollerá cuantitativamente as accións, neste senso, desenvolvidas pola entidade beneficiaria.

1. PUBLICIDADE NAS DEPENDENCIAS DA EMPRESA.

Durante a execución do plan de innovación e até a súa finalización efectiva, no que se refire a xustificación da realización das actividades e finalización de verificación e auditoría e compromisos adquiridos, deberá figurar nun lugar ben visible ao público, por exemplo á entrada das dependencias da empresa, un cartel informativo de tamaño mínimo A3, que mencione o plan de innovación e o cofinanciamento pola Unión Europea.


Na páxina web da Axencia Galega de Innovación, na lapela axudas 2021 - InnovaPeme 2021, figura un modelo básico do documento (A3) que cumpre as obrigas de imaxe e logos da Xunta de Galicia e do programa operativo FEDER. Amósase a modo de exemplo:



Para demostrar o cumprimento desta obriga é necesario gardar como proba documental da súa colocación (por exemplo, fotografía do emprazamento físico onde se coloque e na que haxa constancia da data na que foi realizada).

2. PUBLICIDADE NA PÁXINA WEB DA EMPRESA.

No caso de que a empresa beneficiaria dispoña de web deberán publicar a concesión da axuda e mantela actualizada. Na páxina de portada e acceso á web da entidade debe figurar unha lapela FEDER, tal como aparece na imaxe.



Ao acceder a esta lapela como mínimo visualizarase a imaxe do cartel de publicidade (detallado no apartado anterior), sen descartar calquera información sobre a axuda e alcance do plan que o beneficiario considere oportuno. Deberán cumprirse as premisas de publicidade do anexo III no que se refire a logos institucionais.



3. OUTROS MATERIAIS

Na documentación para difusión que teña relación co plan de innovación, carteis, propaganda, publicacións, vídeos, ... deberá facer mención expresa ao cofinanciamento polo FEDER e a axuda da que se é beneficiario.